

Incerteza e malestar na banca de seguros

Cal é o futuro das 120 persoas de banca de seguros?

A venda do 50% da Banca de Seguros, unha operación que significou unha importante entrada de diñeiro para o banco, leva aparellada a incerteza do futuro das 120 persoas que traballan na Dirección de Seguros. Hai meses que lle expuxemos á empresa as condicións imprescindibles para salvagardar os dereitos do persoal, pero non houbo resposta por parte dos representantes da empresa. **Tanto Zürich como Banco Sabadell manteñen un mutismo ao respecto que non é tranquilizador, pola contra, só provoca inseguridade e malestar.** A falta de transparencia, todos o sabemos a estas alturas, nunca é positiva. Esixímoslle á Dirección de RR HH e Laborais que abordemos dunha vez esta situación porque Zürich mercou o 50% do negocio e a xestión de persoal.

Banco Sabadell e Zürich practican o mutismo


A nós parécenos que se a Dirección de Banco de Sabadell fixo esta operación tendo en conta que debía preservar as condicións dos seus empregados e sendo responsable deles, xa deberíamos ter un acordo colectivo asinado. Non é así, e hoxe seguimos sen coñecer as intencións de Zürich e do Banco. Esperamos que Banco Sabadell e Zürich entendan que aos representantes dos traballadores parécenos comprensible e ata positivo que se fagan operacións que reporten beneficios ás empresas, sempre que baixo ningún concepto se prexudique os traballadores, por que neste caso deixa de ser comprensible e convértese en intolerable.

Non toleraremos ningún prexuízo ao persoal

Polo ben de todos, empresa e traballadores, esperamos sinceramente que pronto poidamos asinar un acordo satisfactorio para o cadro de persoal.

Outubro de 2008

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)

Boletín de afiliación	Enviar a ➔	3532-0002 CC.OO.	Sinatura
Nome	Ofi.:	 DNI _____ Data / /
Domicilio	C.P.:	
Poboación		
Cta. de cargo		
<small>Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezcan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (http://www.ccoo.es) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12, 28010, Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lopd@cco.es ou chamar por teléfono ao 917028077.</small>			